

Liberalismo e Revolucións liberais do S XIX



ATTACHE DU CHATEAU D'ORLEANS

Mars 1848. Revue de la France

Paris. Imprimerie de la Revue de la France

O Liberalismo

Ideoloxía política
burguesa

Liberdades
individuais

Antecedentes

Liberalismo
económico

A pesar dos esforzos da Restauración, a ideoloxía revolucionaria estaba xa arraigada en certos sectores da sociedade, sobre todo na burguesía e nos círculos intelectuais. No S. XIX o liberalismo converterase na ideoloxía da burguesía, que levará a cabo varias oleadas revolucionarias.

O liberalismo é unha corrente de pensamento político que ten como obxectivo fundamental a salvagarda das liberdades do individuo.

As súas formulacións ideolóxicas inspíranse nos **pensadores ingleses do XVII e os ilustrados do XVIII**, e a súa primeira posta en práctica se materializa no proceso independentista norteamericano e nas fases moderadas da **Revolución Francesa**.

Máis tarde os exércitos de **Napoleón** contribuíron a difundilo por todo o continente europeo, aínda que os países onde as institucións e o sistema político liberal arraigaron de forma máis precoz serían Gran Bretaña e os Estados Unidos.

O liberalismo é tamén unha doutrina económica que defende a non intervención do Estado en asuntos económicos e sociais. É a doutrina de "*Laissez faire, laissez passer*" de **Adam Smith e David Ricardo**, que afirman que a economía réxese por leis naturais e que esas mesmas leis corrixen por se soas os desequilibrios económicos que se poidan producir. Por iso rexeitan o intervencionismo do Estado, é dicir, que o Estado impoña normas para regular a economía, e iso para eles será unha condición indispensable para que a economía progrese.

O Liberalismo

Principios políticos:

Liberdade do individuo

→ Dereito fundamental

Soberanía Nacional

→ O titular da soberanía é o conxunto dos cidadáns

Sistema representativo

→ O pobo elixe ós seus representantes nos cargos políticos a través de :

sufraxio censatario (propio dos sistemas liberais do S XIX)
ou universal (propio das democracias do S XX)

División de poderes

→ Separación dos tres poderes, executivo (goberno),
lexislativo (asemblea) e xudicial (xuíces)

**Defensa das
liberdades cidadás**

→ Dereitos de asociación, expresión, reunión, liberdade de
prensa, liberdade de cultos, ...

Constitucionalismo

→ Os réximes políticos liberais promulgarán constitucións
que regulan o exercicio do poder, definen o modelo de
Estado, e recollen os principios políticos liberais e os
dereitos e deberes do cidadán.

O Liberalismo

Correntes

A posta en práctica destes principios políticos permite distinguir dúas grandes correntes no liberalismo do XIX:

- **Liberalismo moderado ou doctrinario**: defende unha soberanía nacional moi limitada, ao compartila entre o rei e a asemblea de representantes electos, e uns dereitos políticos tamén moi limitados mediante o **sufrexio censatario**, que reserva o dereito á participación política para un curto número de cidadáns que cumprían certos requisitos económicos. Ademais son tamén partidarios de limitar as liberdades cidadás.
- **Liberalismo radical**: ábrese camiño desde mediados do XIX, e é partidario da apertura de dereito á participación política aínda que o **sufrexio universal** e sobre todo o feminino haberán de esperar moito tempo , e da plena asunción da soberanía nacional. O liberalismo radical supón o tránsito cara á democracia plena.

En definitiva co liberalismo as monarquías pasan de ser absolutas a constitucionais, e os individuos pasan de ser súbditos a cidadáns e, como tales, posuidores de dereitos inalienables, tal e como recoñecen as constitucións e as declaracións de dereitos.

Movimientos revolucionarios

1820

O **absolutismo de Fernando VII** resulta inviable nun país arruinado

España

→ 1820 : **sublevación do comandante Riego** en Cádiz secundado no resto de España

↓
Fernando VII ten que xurar a **constitución liberal de Cádiz de 1812**

↓
Trienio Liberal (1820 – 23)

Expansión deste movemento revolucionario:

Nápoles

Piamonte

Portugal

↓
O sistema Metternich (O sistema de Congresos e Alianzas) ponse en marcha:

Intervención das potencias para aplastar os movementos revolucionarios

Grecia

→ **A cuestión de Oriente** (a debilidade do imperio turco ante os pobos dos Balcáns Onde Austria e Rusia teñen intereses) Impulsa a independencia de Grecia en 1830 despois dunha revolta en 1820

Movimientos revolucionarios

1830

Francia

→ Carlos X enfróntase ó Parlamento suprimindo a liberdade de prensa e disolvendo a Cámara

O pobo de París sublévase (“Os 3 días gloriosos “ de xullo) e noméase rei a Luís Filipe I de Orleáns

Monarquía burguesa constitucional

(liquidación definitiva do Antigo Réxime en Francia)

Independencia:

Bélxica

→ Revolta liberal pero tamén nacionalista (catolicismo, idioma, ...) contra o dominio holandés

Gran Bretaña

→ Lei de reforma de 1832, que duplica o nº cidadáns con dereito a voto e a representación política.

Polonia

→ Alzamentos liberais e nacionalistas contra Rusia, duramente reprimidos

Italia

→ Sublevacións contra Austria en Módena, Parma, Bolonia e os dominios pontificios.
Son o xermen da unificación italiana

España

→ Á morte de Fernando VII ábrese un periodo de transformacións liberais (reinado de Isabel II) e de guerra civil (guerras carlistas entre a raíña e o seu tío Carlos)

Conclusión:

O sistema liberal avanza en Europa Occidental (Francia, Bélxica, Gran Bretaña,...) mentres que o inmovilismo do Congreso de Viena e a Santa Alianza, é dicir, da Restauración segue a negar o Liberalismo en Europa Oriental (Austria, Prusia, Rusia)

Movimentos revolucionarios

A revolución de 1848: a “Primavera dos pobos “: Factores

• **Avances do Liberalismo :** movementos revolucionarios de carácter radical e democrático.

- Soberanía popular
- Sufraxio universal masculino
- Igualdade social

• **Nacionalismo: “ A Primavera dos pobos”:**

Procesos de unificación (Italia, Alemaña) ou independencia (dentro do imperio austríaco)

• **Industrialización:** malestar e conflitos sociais pola explotación dos obreiros

• **Crise económica:**

• **Agrícola:**

- Enfermidade da pataca (alimento básico). Catástrofes como a de Irlanda: pasa de 8,5 a 6 millóns de hab en 5 anos
- Crise cerealística en 1845-47.
- Aumento dos prezos de produtos básicos.

• **Industrial :** crise na demanda de produtos manufacturados por parte dunha poboación afectada pola crise.

Movimentos revolucionarios

A revolución de 1848: a “Primavera dos pobos”

Francia

- **Revolución de febreiro:** abdicación de Luis Filipe de Orleáns (monarca desde a revolución de 1830)
- Proclamación da **II República**.
- **Medidas:**
 - Sufraxio universal masculino: pásanse de ¼ de millón de votantes a uns 8 millóns.
 - Liberdade de prensa
 - Abolición da pena de morte e da escravitude nas colonias
- **Revolución de xuño:** insurrección dos traballadores ante o peche dos talleres nacionais (120.000 parados)
- Dura represión: 500 traballadores mortos, 12000 detidos e 4500 deportados a Alxeria.

É a separación política definitiva da clase burguesa da traballadora ou proletaria:
do liberalismo e do movemento obreiro (socialismo, comunismo anarquismo)

- **Decembro:** Luis Napoleón Bonaparte é elixido presidente da República e tras un golpe de Estado en 1852 comenza o **Segundo Imperio**.

Movimentos revolucionarios

A revolución de 1848: a “Primavera dos pobos “

Onda revolucionaria por Europa

- Alemaña, Austria, Italia, Praga, Rumanía, ... : sublevacións simultáneas por toda Europa

• Austria:

- destitución de Metternich
- instáurase unha **monarquía parlamentaria e constitucional** con Francisco Xosé I (1848-1916)
- **Levantamento das nacionalidades** do imperio freadas polo autoritarismo austriaco:
 - Pobos eslavos (checos, eslovacos, serbios)
 - Húngaros
 - Reinos Italianos

• Alemaña: inicio dun **proceso de unificación**:

- constitución por parte dos estados alemáns dunha asemblea nacional que convoca e eleccións por sufraxio universal
- Constitución federal para toda Alemaña
- Federico Guillherme de Prusia rechaza a coroa que lle ofrece o Parlamento de Frankfurt e négase a aceptar a constitución

Movements revolucionarios

A revolución de 1848: a “Primavera dos pobos”

Consecuencias

- Liquidación definitiva do feudalismo (a excepción da Rusia tsarista)
- Establecemento na maior de Europa de:
 - Réximes parlamentarios
 - Constitucións moderadas
 - Sistema electoral censatario
- Culminación do proceso de consolidación do liberalismo iniciado na Revolución Francesa de 1789 e seguido polas oleadas revolucionarias de 1820-30
- Triunfo da burguesía fronte ós sectores máis radicais e democráticos (obreiros, clases populares ,...)